



## **RESOLUCIÓN REITORAL DO 8 DE XULLO DE 2022 POLA QUE SE ESTABECE O PREZO DE MATRÍCULA NO CURSO 2022/23 PARA O ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS QUE NON TEÑA A CONDICIÓN DE RESIDENTE**

De acordo co establecido no apartado 5, do artigo 2, do Decreto 121/2022, do 23 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2022/2023, a Universidade debe establecer mediante resolución reitoral os prezos que deberá aboar pola matrícula en estudos de Grao e Máster Universitario o alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos que non teña a condición de residente, con exclusión daquelas persoas que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, das persoas ás que lles sexa de aplicación o réxime comunitario. Non resultarán de aplicación estes prezos, e polo tanto deberán aboar os prezos establecidos nas diferentes tarifas do Decreto 121/2022, do 23 de xuño, ás persoas nacionais de países con índice de desenvolvemento humano (IDH) medio e baixo (que figuran no anexo desta resolución). Estes prezos terán como límite máximo os vixentes para esta tipoloxía de estudantado no curso 2021/2022 nesta Universidade.

O prezo para o alumnado a que se refire esta resolución foi acordado polas Universidades do Sistema universitario de Galicia no 25 % do custo de referencia para cada unha das epígrafes da tarifa primeira do anexo do Decreto.

O custo de referencia quedou establecido no artigo 2.1 do Decreto 154/2012, polo que se fixan os prezos de matrícula no curso 2012/2013, en 5170,00 € para as titulacións encadradas na epígrafe A do anexo do Decreto, e en 3650,00 € para as titulacións encadradas na epígrafe B do dito anexo.

De acordo co exposto,

### **RESOLVO:**

Establecer os seguintes prezos/crédito, para o curso académico 2022/2023, para o precitado alumnado estranxeiro:

#### **1. Ensinanzas de grao (prezo dun crédito).**

##### **1.1. Titulacións de grao do Epígrafe A:**

Primeira matrícula: 17,41 €  
Segunda matrícula: 24,13 €  
Terceira matrícula: 39,01 €  
Cuarta e sucesivas matrículas: 49,74 €

##### **1.2. Titulacións de grao do Epígrafe B:**

Primeira matrícula: 12,31 €  
Segunda matrícula: 17,03 €  
Terceira matrícula: 27,55 €  
Cuarta e sucesivas matrículas: 35,08 €

#### **2. Ensinanzas de máster que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal e europea aplicable e análogos (prezo dun crédito).**

##### **2.1. Másteres do Epígrafe A:**

Primeira matrícula: 17,41 €



Segunda matrícula: 24,13 €  
Terceira matrícula: 39,01 €  
Cuarta e sucesivas matrículas: 49,74 €

**2.2. Másteres do Epígrafe B:**

Primeira matrícula: 12,31 €  
Segunda matrícula: 17,03 €  
Terceira matrícula: 27,55 €  
Cuarta e sucesivas matrículas: 35,08 €

**3. Outras ensinanzas de máster oficiais (prezo dun crédito).**

**3.1. Másteres do Epígrafe A:**

Primeira matrícula: 17,41€  
Segunda e sucesivas matrículas: 48,18€

**3.2. Másteres do Epígrafe B:**

Primeira matrícula: 12,31€  
Segunda e sucesivas matrículas: 33,35€

Para os efectos desta resolución consultarase a condición de residencia legal nas plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos que estean habilitados.

O alumnado mencionado deberá aboar, así mesmo, os prezos correspondentes á tarifa terceira, punto 2 (secretaría) do anexo do Decreto 121/2022, do 23 de xuño, que lle correspondan.

O Reitor  
Julio E. Abalde Alonso



ANEXO  
PAÍSES CON ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO MEDIO E BAIXO

Desarrollo Humano Medio
Kyrgyzstan
Morocco
Guyana
Iraq
El Salvador
Tajikistan
Cabo Verde
Guatemala
Nicaragua
Bhutan
Namibia
India
Honduras
Bangladesh
Kiribati
Sao Tome and Principe
Micronesia (Federated States of)
Lao People's Democratic Republic
Eswatini (Kingdom of)
Ghana
Vanuatu
Timor-Leste
Nepal
Kenya
Cambodia
Equatorial Guinea
Zambia
Myanmar
Angola
Congo
Zimbabwe
Solomon Islands
Syrian Arab Republic
Cameroon
Pakistan
Papua New Guinea
Comoros
Desarrollo Humano Baixo
Mauritania
Benin
Uganda
Rwanda
Nigeria
Côte d'Ivoire
Tanzania (United Republic of)
Madagascar
Lesotho
Djibouti
Togo
Senegal
Afghanistan
Haiti
Sudan



- Gambia
- Ethiopia
- Malawi
- Congo (Democratic Republic of the)
- Guinea-Bissau
- Liberia
- Guinea
- Yemen
- Eritrea
- Mozambique
- Burkina Faso
- Sierra Leone
- Mali
- Burundi
- South Sudan
- Chad
- Central African Republic
- Niger